



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 1/2022 , EXTRAORDINARIA, 08 DE FEBREIRO DE 2022

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000034

Asunto: Convocatoria

ÓRGANO COLEXIADO: Pleno

Nº SESIÓN: 1/2022


CARÁCTER : Extraordinaria con contido de ordinaria (martes 08 de febreiro de 2022 ás 20:30 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dada a necesidade de resolver os asuntos indicados na orde do día nos prazos esixidos nos correspondentes procedementos, con anterioridade á data prevista para a seguinte sesión ordinaria do Pleno (en aplicación da facultade outorgada a esta Alcaldía mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019 "(...)para adiantar ou adiar a realización da sesión, sen alterar o número delas que se deberán realizar durante o exercicio, para facilitar a asistencia dos/as membros da Corporación, no caso de coincidir con periodos vacacionais cuxas datas varían de ano a ano, ou por necesidades de cumprimento de prazos polos acordos plenarios correspondentes nos expedientes en que se xustifique tal circunstancia.", xa que os correspondentes expedientes, pola súa complexidade e o escaso prazo outorgado para a súa elaboración, non estaban ultimados para poder aprobalos na data prevista para a correspondente sesión ordinaria- 27 de xaneiro de 2022). **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o martes 08 de febreiro de 2022, ás 20:30 horas da mañá** (para permitir a remisión telemática das solicitudes do POS+2022 en prazo) (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) no Salón de Sesións da Casa do Concello coa seguinte

## **ORDE DO DÍA**

### **Parte resolutiva da sesión**

- 1.- Aprobación, no seu caso, das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación (sesións 13/2021, ordinaria, do 25 de novembro de 2021 e sesión 14/2021, extraordinaria, do 03 de xaneiro de 2022)
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, da Deputación Provincial da Coruña.
- 3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2022, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.
- 4.- Ditame sobre proposta da alcaldía ao pleno para a aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral .



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

5.- Dictame sobre proposta da alcaldía ao pleno da corporación para denominar como rúa José Gestal Cardoña ao vial que vai dende a rúa Souto ata o final de dito vial.

6.- Dictame sobre proposta da alcaldía ao pleno para aprobar o convenio de colaboración subscrito entre este Concello e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para o desenvolvemento do plan estratéxico de saneamento do Concello no marco das actividades da cátedra EMALCSA-UDC e conceder á FUAC unha subvención por importe de 7500€ co obxectivo de que se proceda a elaborar un documento estratéxico que facilite planificar as inversións e mellorar a xestión do saneamento.

### Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

7.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

8.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

9.-Rogos e preguntas.

Notifíquese a presente resolución por correo electrónico a todos/as os sres/as concelleiros/as da Corporación, á señora Interventora e á señora Técnica de Administración Xeral do Concello, advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as sres/as. concelleiros/as convocados a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

En calquera caso, **a sesión presencial deberá realizarse con estrito cumprimento das medidas sanitarias establecidas polo Ministerio de Sanidade do Goberno da Nación e pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, vixentes no día en que se realice a sesión.**

Carral, na data de sinatura dixital que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

Visto o decreto,

A SECRETARIA ACCIDENTAL

Sonia Campos Ares